

GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS TRABALLOS FIN DE GRAO

A avaliación dos TFG na titulación de Enxeñaría Civil durante o curso académico 2016-2017 farase en base a dous aspectos: o documento entregado no Centro e a presentación e defensa diante da Comisión Avaliadora.

O documento entregado no centro debe cumprir os requisitos establecidos na *Normativa para a presentación do TFG* aprobada pola Comisión de Título.

A presentación e defensa do TFG consistirá nun acto público dividido en dúas partes: unha exposición por parte do estudante dunha duración comprendida entre 10 e 15 minutos e un turno de preguntas por parte da Comisión.

Ambos aspectos cualificaranse de 0 a 10 e na cualificación final da materia a ponderación será dun 70% a nota do documento e un 30% a nota da presentación e defensa. En todo caso, o estudante debe acadar unha nota mínima de 5 en cada unha. Unha nota inferior a 5 nalgunha das partes conleva o suspenso na convocatoria.

A avaliación de cada aspecto farase en función dalgúns destes criterios:

Documento

Xustificación do proxecto ou interese científico - técnico do estudo

Análise de alternativas do deseño ou do estado do coñecemento

Solución adoptada: valorarase a orixinalidade, a calidade dos contidos, a dificultade e as ferramentas empregadas.

Aspectos formais: valorarase a corrección ortográfica e gramatical, a orde e a claridade na redacción e a capacidade de síntese

O emprego de normativa actualizada

A planificación do traballo e o seu seguimento

Presentación e defensa

Claridade na exposición

Capacidade de síntese

Xestión do tempo

Calidade e coherencia das respostas

Demostración de dominio das ferramentas empregadas

GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS TRABALLOS FIN DE GRAO

Ademais do expresado no Regulamento de Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster da EPS, de que “*será causa de suspenso a ausencia ou deficiencia grave nalgún documento esencial do TFG/TFM, así como a falta de defensa do mesmo*”, a Comisión de Título establece que o incumprimento dalgún dos seguintes aspectos no documento ou na exposición e defensa motivaría a non aprobación do TFG:

- 1 O TFG cumpre coa normativa da USC, da EPS e da Titulación
- 2 Realizouse o seguimento correctamente
- 3 Os obxectivos do traballo axústanse aos indicados na proposta
- 4 Os contidos do TFG axústanse aos indicados na proposta
- 5 O enfoque final do TFG axústase á titulación
- 6 As competencias traballadas no TFG axústanse ás Competencias Específicas da mención
- 7 As competencias traballadas no TFG axústanse ás Competencias Específicas reflectidas na proposta
- 8 Non existen incumprimentos graves de lexislación ou normativa técnica que impedirían a licitación
- 9 O TFG conta cun resumo en tres idiomas e palabras chave
- 10 O documento non presenta faltas graves de ortografía e/ou formatos
- 11 Non existe plaxio
- 12 Non hai carencias formais graves na presentación
- 13 Na defensa o estudante responde-ás cuestións formuladas
- 14 O alumno demostra a autoría mediante as súas respostas